

DIRECTRICES SOBRE O USO DAS MÁSCARAS NO ÁMBITO EDUCATIVO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Dirección Xeral de Saúde Pública

Santiago de Compostela a 20 de abril de 2022



1. Introducción

Durante a evolución da pandemia, todos os países da Unión Europea implementaron varias recomendacións con respecto ao uso de máscaras como unha intervención non farmacolóxica complementaria en espazos pechados, así como en lugares públicos onde o distanciamento físico non sempre é posible.

En España, o artigo 6 da Lei 2/2021, de 29 de marzo, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e posteriormente o Real Decreto 115/2022 do 8 de febreiro estableceron os supostos do uso obrigatorio da máscara, así como as excepcións a dita obriga.

A nivel galego, desenvolveuse esta obrigatoriedade no punto 1.4 da Orde do 11 de febreiro de 2022 pola que se prorroga e se modifica a Orde do 22 de outubro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e se modifica a Orde do 14 de setembro de 2021 pola que se aproba o novo Plan de hostalería segura e a Orde do 29 de setembro pola que se aproba o novo Plan de ocio nocturno.

O novo contexto epidemiolóxico caracterizado por unha diminución dos casos graves e da letalidade asociada ao SARS-CoV-2, debido en grande parte á elevada cobertura vacinal acadada na poboación, orixinou un cambio na estratexia de vixilancia e control da pandemia cara unha estratexia que dirixa as actuacións a persoas e ámbitos de maior vulnerabilidade e monitorice os casos de COVID-19 graves e nos casos anteriormente citados, aceptando un nivel controlado de transmisión en grupos menos vulnerables.

Ante esta nova situación epidemiolóxica e de inmunidade da poboación, o Consello de Ministros aprobou o 19 de abril, o Real Decreto 286/2022 polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de



crise sanitaria ocasionada pola COVID-19 e polo que o uso de máscaras deixará de ser obrigatorio en espazos interiores, salvo algunhas excepcións. A medida será efectiva o día 20 de abril tras a súa publicación no Boletín Oficial do Estado.

Cómpre ter en conta que o uso da máscara mostrouse efectiva no control da transmisión da COVID-19, sendo a principal medida de prevención fronte á enfermidade. A pesar dos inconvenientes asociados ao seu uso (incomodidade, dificultade para respirar, aumento de afeccións cutáneas, etc) a cidadanía comprendeu o valor desta medida e a adherencia ao seu uso mantívose moi alto ao longo da pandemia.

Esta cultura de protección non só individual senón tamén colectiva, debe continuar ante esta nova estratexia co fin de protexer ás persoas vulnerables e é por este motivo que o emprego da máscara segue a ser útil para axudar a diminuír o risco de infección destas persoas.

2. Obxectivo

Este documento ten como obxectivo describir as situacións nas que se mantén a obrigatoriedade do uso da máscara no ámbito educativo e establecer as recomendacións de uso da máscara noutras situacións non contempladas dentro das anteriores.

3. Situacións nas que se mantén a obrigatoriedade do uso da máscara

Tras a publicación do Real Decreto 286/2022, do 19 de abril, polo que se modifica a obrigatoriedade do uso de máscaras durante a situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, as persoas de seis anos en diante quedan obrigadas ao uso de máscaras no transporte público, incluíndose dentro deste, o transporte escolar.

3.1. Excepcións á obrigatoriedade do uso de máscara

A obrigatoriedade do uso da máscara reflectida no apartado anterior non será esixible nos seguintes supostos:

- Persoas de menores de 6 anos.
- Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- No caso de que, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

4. Situacións nas que se recomenda manter o uso da máscara

Neste contexto normativo no que a máscara non resulta obrigatoria é especialmente relevante lembrar a importancia de manter o resto de medidas de protección que, ao longo da pandemia, téñense amosado eficaces. Así, a hixiene de mans, a ventilación e evitar as aglomeracións seguen a ter un alto valor protector. Con todo, débese ter en conta que nos centros educativos pode haber poboación vulnerable entre o alumnado e o persoal docente e non docente, polo que a máscara resulta nestes colectivos vulnerables particularmente recomendable.

Por outro lado e a pesar de que en Galicia o 95,5% da poboación susceptible de vacinar xa está vacinada e que en concreto, na poboación de 5 a 11 anos é a comunidade autónoma coa maior cobertura de toda España, con



máis do 60% desta poboación con dúas doses administradas, é preciso aumentar esta cobertura para acadar maior protección.

Polo tanto, e atendendo ás particularidades descritas, resulta recomendable, con carácter voluntario, o uso da máscara no interior dos centros educativos tanto por parte do alumnado coma dos/as traballadores/as do centro.

4.1. Centros de Educación Especial

Nos Centros de Educación Especial que dispoñen de servizo de residencia é recomendable seguir as indicacións previstas para os centros sociosanitarios, por tratarse de entornas de elevado risco epidemiolóxico por varios motivos. Por un lado, trátanse de ambientes pechados nos que, o propio nivel de dependencia das persoas residentes (dificultade para a alimentación, de mobilidade, etc), favorece o establecemento de contactos próximos e prolongados cos cuidadores, o que aumenta o risco de transmisión e de contaxio. Outro factor que pode contribuír ao aumento do risco de transmisión é o feito de que con frecuencia, os residentes presentan algún grado de discapacidade ou deterioro cognitivo que pode dificultar o mantemento das medidas de prevención, como son a hixiene de mans e respiratoria ou o uso adecuado da máscara.

Tendo en conta todo o anterior recoméndase con carácter voluntario, o uso da máscara nos seguintes casos:

- Persoas traballadoras.
- Visitas cando estean en zonas compartidas.

Dado que a institución constitúe o domicilio das persoas que alí residen, considérase que o uso permanente da máscara afecta o benestar destas persoas polo que esta recomendación non afectaría as persoas residentes no centro.



4.2. Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos no ámbito educativo

Recoméndase especialmente para casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos o uso de forma constante da máscara e evitar actividades que impliquen quitala sen manter a distancia de seguridade de 1,5 metros con outras persoas (Ex.: comer ou beber en presenza doutras persoas). O uso da máscara nestas situacións debe ir acompañado doutras medidas de prevención como evitar o contacto con persoas de grupos vulnerables e reducir todo o posible as interaccións con outras persoas. Estas recomendacións deberán aplicarse durante 10 días dende inicio de síntomas, dende o diagnóstico (no caso de persoas asintomáticas) ou dende a data do último contacto (no caso de contactos estreitos).

En calquera caso debe lembrarse a recomendación xeral de non asistir ao centro educativo se a sintomatoloxía inclúe cadros febrís.

5. Resumo uso da máscara

OBRIGATORIO

- **Transporte escolar** (salvo excepcións recollidas no apartado 3.1)

RECOMENDADO

- **Persoal traballador do centro educativo.**
- **Alumnado do centro educativo.**
- **Centros de Educación Especial que dispoñen de servizo de residencia.**
 - Persoas traballadoras.
 - Visitas cando estean en zonas compartidas.
- **Casos sospeitosos e confirmados de COVID-19 e contactos estreitos de casos.**